

BASES DO I CERTAME FOTOGRAFÍA “XANK PENABELLA”

Xank Penabella (1974-2021), fotógrafo de orixe pontareá asentado en Salceda de Caselas, foi, sen dúbida, un referente na fotografía social do noso concello. O seu obxectivo recolleu milleiros de imaxes de festas, eventos culturais e deportivos e, en definitiva, da vida social de Salceda de Caselas. O Entroido foi un dos eixes centrais da súa fotografía de eventos, con innumerables momentos captados tanto a través de fotografías como de vídeos.

No quinto aniversario do seu pasamento nace o Certame Xank Penabella, que lembra a este fotógrafo tan querido no noso concello do xeito que a el máis lle gustaba, a través das imaxes, e na que foi sen dúbida a súa festa máis fotografada: o Entroido salcedense.

A Concellería de Cultura do Concello de Salceda de Caselas organiza a primeira edición do Certame de Fotografía “Xank Penabella”, de acordo ás seguintes

BASES

- 1- Poderá participar no Certame calquera persoa maior de idade (profesional ou afeccionada). A participación no concurso implica a plena aceptación destas bases.
- 2- As fotografías só poderán ser presentadas polas propias persoas autoras.
- 3- A temática do concurso versará sobre o Entroido 2026 de Salceda, polo que todas as fotografías terán que ter relación con el e ser capturadas nalgún dos actos do Entroido 2026.
- 4- Cada persoa participante poderá presentar un máximo de 3 fotografías.
- 5- Admítense todos os estilos e xéneros fotográficos, porén, non se admitirán a concurso as imaxes xeradas por Intelixencia artificial e outras imaxes que non foran captadas cun dispositivo fotográfico, cámara ou móbil.
- 6- As imaxes deberán remitirse por correo electrónico, en formato JPG ou TIFF, cun peso máximo por imaxe de 10 MB. Deberán ter un alto mínimo de 3000 píxeles e un máximo de 9000. O ancho deberá ter como mínimo 3000 píxeles e 9000 como máximo. As imaxes deberán enviarse sen marcos nin marcas de auga.
- 7- As imaxes deberán nomearse da seguinte forma: (Iniciais do primeiro nome e dos dous apelidos da persoa autora)_(Número de fotografía)_(Tres últimos díxitos mais a letra do documento de identidade).
Exemplo: A 2ª fotografía enviada pola autora Rosa María Pérez Rodríguez con DNI 12345678A terá o seguinte nome de arquivo: RPR_2_678A



Será obrigatorio anexar o formulario normalizado de inscrición (Anexo I), debidamente cuberto, no que se indicará con claridade o título da fotografía e o lugar e/ou acto onde foi tomada.

No caso de participar con máis dunha fotografía, deberase achegar un formulario de inscrición (ANEXO I) por cada fotografía coa que se desexe participar.

- 8- O prazo de inscrición estará aberto ata o 28 de febreiro ás 23:59 CET (UTC +1). Para participar será obrigatorio enviar a/as fotografía/s xunto ao formulario de participación (ANEXO I) xunto ao formulario de protección de datos (ANEXO II) por correo electrónico ao enderezo:

certamexankpenabella@salcedadecaselas.gal

- 9- O xurado estará composto polo concelleiro de Cultura, por catro persoas profesionais da imaxe, e presidido por unha persoa representante da familia, que actuará con voz pero sen voto.

O xurado poderá rexeitar aquelas obras que considere que non se adaptan ao tema especificado (Entroido 2026 de Salceda). As decisións do xurado serán inapelables.

- 10- O xurado outorgará un premio á mellor fotografía consistente nun diploma e 1.500 €. Poderanse outorgar tamén ata un máximo de dous accésits, valorados cada un en 250 €. O concurso poderá quedar deserto se o xurado considera que as imaxes non acadan un mínimo de calidade.

Aos premios aplicaráselles a correspondente retención prevista na lexislación tributaria vixente. No caso de resultar premiada unha persoa con residencia fóra de España, o premio pagarase en euros, e descontaranse os gastos de transferencia deste e as retencións legais correspondentes.

O Concello de Salceda de Caselas elaborará unha exposición itinerante coas fotografías gañadoras e coas fotografías que o xurado considere que reúnen un mínimo de calidade.

- 11- A persoa participante será a responsable de obter a autorización tanto de persoas, animais, obxectos ou lugares fotografados (se así o requiren). A persoa autora das fotografías certifica e garante a súa autoría, e que o contido non é contrario á lei, á moral ou á orde pública.
- 12- Coa participación no certame, as persoas aceptan ceder os dereitos das imaxes ao Concello de Salceda para a súa utilización en exposicións e/ou como imaxe promocional de calquera evento relacionado coa fotografía, o turismo, a cultura e/ou o Entroido. Esta utilización farase en todo momento respectando a autoría e nomeándoa.



- 13- As fotografías deberán axustarse ao tema proposto, ser orixinais e inéditas e non estaren previamente publicadas en ningún medio ou soporte (papel, blogs, publicacións dixitais, ...) nin ser premiadas con anterioridade ou estar á espera do veredicto doutro xurado noutros concursos ou certames fotográficos.
- 14- Coa participación neste concurso as persoas aspirantes aceptan as presentes bases e a conformidade de que a Concellería de Cultura do Concello de Salceda de Caselas resolva calquera cuestión derivada do concurso, podendo modificar as bases, sempre dentro da lei.



ANEXO I

FORMULARIO DE PARTICIPACIÓN

Nome e apelidos: _____

DNI: _____

Enderezo: _____

Localidade e Provincia: _____

Nome da fotografía: _____

As imaxes deberán nomearse da seguinte forma: (Iniciais do primeiro nome e dos dous apelidos da persoa autora)_(Número de fotografía)_(Tres últimos díxitos mais a letra do documento de identidade)

Exemplo: A 2ª fotografía enviada pola autora Rosa María Pérez Rodríguez con DNI 12345678A terá o seguinte nome de arquivo:
RPR_2_678A

Título da fotografía: _____

Lugar e data de captura: _____

SINATURA



ANEXO II

FORMULARIO DE PROTECCIÓN DE DATOS

Os datos da persoa interesada serán tratados de conformidade coa normativa vixente en materia de tratamento de datos de carácter persoal e en particular conforme establece a Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais. Estes datos serán tratados polo Concello de Salceda de Caselas para os fins relacionados co I Certame de fotografía Xank Penabella. A finalidade do tratamento é a de realizar a tramitación precisa para o correcto desenvolvemento do mencionado certame fotográfico. Os datos conservaranse durante o tempo necesario para cumprir coa finalidade para a que se solicitaron e para determinar as posibles responsabilidades que se puidesen derivar da devandita finalidade e do tratamento dos datos. Será de aplicación o disposto na normativa de arquivos e documentación. As medidas de seguridade implantadas correspóndense cos previstas no Anexo II (Medidas de seguridade) do Real Decreto 3/2010, do 8 de xaneiro, polo que se regula o Esquema Nacional de Seguridade no ámbito da Administración Electrónica.

DEREITOS QUE LLE ASISTEN

1º Poderá exercer o dereito de acceso, rectificación, supresión e limitación ao tratamento dos seus datos, ante a persoa responsable do tratamento no Concello de Salceda de Caselas, Praza do Concello 12, mediante solicitude formal a través dos medios e formas que se dispoñen no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. (Rexistros oficiais presenciais e electrónicos, sede electrónica, oficinas de Correos, na forma que regulamentariamente se estableza, representacións diplomáticas ou oficinas consulares de España no estranxeiro, oficinas de asistencia en materia de rexistros e en calquera outro que establezan as disposicións vixentes)

2º Do mesmo xeito, infórmase que ten dereito a reclamar ante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es) polo contido deste escrito.

3º Previa á reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos, se considera que o Responsable do tratamento non satisfizo correctamente os seus dereitos, neste caso pode solicitar unha valoración ante a Delegada de Protección de datos indicada de acordo ao tratamento obxecto do dereito no Concello de Salceda de Caselas.

Consinto

Non consinto

Asdo.: _____



